DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 97 | Martes, 23 de maio de 2017 | Páx. 24912

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

*RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís dependentes desta axencia.*

O Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, establece no seu artigo primeiro que os prezos públicos se actualizarán cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo (IPC) para a Comunidade Autónoma de Galicia no mes de xaneiro anterior ao do curso escolar en que se pretenda que produza efectos, mediante resolución, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, do órgano de dirección competente en materia de familia e infancia.

O Decreto 40/2014, do 20 de marzo, polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus estatutos, establece na súa disposición adicional primeira que esta asumirá desde a súa posta en funcionamento as competencias atribuídas en materia de xestión de escolas infantís á Dirección Xeral de Familia e Inclusión. A nova entidade subrogarase en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das súas competencias.

Na súa disposición transitoria primeira, o dito decreto establece, non obstante, que a persoa titular da Dirección Xeral de Familia e Inclusión desenvolverá, transitoriamente e pola súa propia condición, as funcións que corresponden ao/á director/a da Axencia Galega de Servizos Sociais ata o nomeamento deste/a a través do procedemento recollido nestes estatutos.

Por último, o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, atribúe á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o exercicio das políticas públicas de apoio á familia e á infancia, así como a promoción e adopción das medidas de conciliación que garanten un ambiente favorable para o libre desenvolemento das familias.

Conforme os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística, a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia no período transcorrido entre o mes de xaneiro de 2016 e o mes de xaneiro de 2017 é do 3,2 %.

CVE-DOG: uqwyfut0-pmd9-9zu1-0ra8-yflvzsmr82e2

En consecuencia, de conformidade co Decreto 40/2014, do 20 de marzo

RESOLVO:

Artigo único. *Actualización dos prezos*

Actualizar os prezos públicos mensuais dos servizos prestados polas escolas infantís 0-3 dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais, segundo os tramos de renda per cápita de unidade familiar, con base no IPC acumulado durante o período transcorrido entre o mes de xaneiro de 2016 e o mes de xaneiro de 2017, de acordo coas tarifas que figuran no anexo da presente resolución.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Non obstante, os prezos establecidos nela serán de aplicación a partir do día 1 de setembro de 2017.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2017

O/a director/a da Axencia Galega de Servizos Sociais
P.S. (Disposición transitoria 1ª Decreto 40/2014, do 20 de marzo)
Mª Amparo González Méndez
Directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

ANEXO

1. Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 €.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

2. Prezo por servizos complementarios.

a) Servizo de comedor.

CVE-DOG: uqwyfut0-pmd9-9zu1-0ra8-yflvzsmr82e2

O prezo por este servizo fíxase en 74,05 €.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

No caso de nenos e nenas que non utilicen o servizo de comedor de maneira habitual e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,23 € por día.

b) Horario ampliado.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16 €.

3. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do indicador público de renda de efectos múltiples, en adiante IPREM.

Prezo da praza con servizo de comedor 0 €, sen servizo de comedor 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 17,45 €; sen servizo de comedor 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 52,36 €; sen servizo de comedor 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 96,26 €; sen servizo de comedor 69,81 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 149,15 €; sen servizo de comedor 112,13 €.

f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

CVE-DOG: uqwyfut0-pmd9-9zu1-0ra8-yflvzsmr82e2

Prezo da praza: con servizo de comedor 186,18 €; sen servizo de comedor 133,29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 210,52 €; sen servizo de comedor 147,05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 243,31 €; sen servizo de comedor 169,26 €.

CVE-DOG: uqwyfut0-pmd9-9zu1-0ra8-yflvzsmr82e2